

**MAX JACOB**

**A COROA DE VULCANO**

**Tradución : Henrique Harguindey Banet**

Conta esta historia a señora Marie-Yvonne Le Guellec, que ten actualmente oitenta e sete anos de idade e é pousadeira na aldea de Plomelin (Finisterre, Bretaña). Á señora Marie-Yvonne Le Guellec -ou simplemente Maryvonne-alcúmana en Plomelin «*Vaiedilledí*» polo costume que ten de repetir estas palabras ao contar historias.

Había na aldea de Landudec certo coxo chamado Tulic fillo, que aínda por riba era lombudo. Un mozo garrido, como vedes! Este pobriño estaba tamén transtornado da cabeza, o que fai que nunca o quixeron crer cando contou como Cocambó lle roubou a súa coroa, mais eu podó certificar que foi verdade, porque eu estaba alí; non vos son lerias nin andrómenas, palabra de Marivonne, tan certo como que me chamo Maryvonne Le Guellec, de oitenta e sete anos de idade, pousadeira autorizada domiciliada na aldea de Plomelin. Tris! Tras! Na testa o meu pucho, a chupa pra atrás, a chave no peto e se non o crés, douche cun espeto!

Tulic non tivera endexamais pai nin nai, cando menos era o que el dicía, porque eu non estaba alí cando naceu. De oficio Tulic era xastre-bordador e ferrador, e non había ninguén coma el para cortar, bordar e ferrar bestas; desventuradamente era de tipo preguiceiro e gustáballe máis correr detrás das lebres que cortar, bordar e ferrar, malia ser coxo, lombudo e tarabelo.

Un día no que Tulic estaba a pelar cebolas, secaba os ollos coas mans porque as cebolas o facían bagoar. E velaí que sinte unha voz grave dentro da pota:

- Seica choras, Tulic? –vai e dille, di, a voz.
- Choro, si –vai e dille, di, Tulic- pero non co corazón, choro cos ollos polas cebolas que estou pelando.
- Pois, oíches –dixo a pota- non has volver chorar nin co corazón nin cos ollos, porque co corazón non has ter xa motivo de chorar e o que é cebolas non as has volver pelar porque has ser rico antes da fin do mes se é que os leóns non che comen a coroa.
- Ai, meu Deus! –dixo Tulic- E logo que vai pasar?
- Mira.

E da pota saevos unha luz de trinta e seis candeas; éravos Noso Señor Xesus Cristo que estaba na lareira da cociña.

E Tulic non sabía que dicir nin que facer. Des que Tulic tivo ben mirado a Noso Señor, díxolle Noso Señor:

- Non es moi baixado ao traballo, Tulic, pero non es mal home e quero que te poñas rico, se é posible. Sérveme unha pouca desa túa sopa e vaite ao forneiro buscarme un anaco de pan branco, porque non me gusta o pan negro, e vai correndiño. Velaí tes cartos!

E Tulic comeza a bulir e a tremer.

Ao que Noso Señor Xesus Cristo rematou de ben comer e ben beber, díxolle a Tulic :

- Agora vas preparar o teu embrullo para ires a Brest, e has tratar de subir ao barco de Cocambó, rei do Sol e capitán do navío.

« Noso Señor non ten miga de sentido –dicíase Tulic para el- porque feito como estou non vai haber capitán ningún que me queira ».

E Noso Señor, que adiviñaba o que pensaba Tulic, dixo :

- Non te preocupes polo que ha pasar.

E Noso Señor desapareceu pola pota.

Tulic, camiño de Brest a pé, como ten que ser ! Un pasiño aquí, outro pasiño acolá, o último que chegue a pinga tócalle pagar.

En chegando ao porto ve un barco. Nunca un barco tan bonito vira ! Todo enceradiño, limpiño e relucentiño, igual ca o comedor da casa de miña nai :

- Daquela chegaches, Tulic – vai e dille, dí, o capitán do barco- Pois oíches, a fe que estou contento de te coñecer, porque sentín falar de ti. Queres dar unha voltiña polo mar connosco ?
- Seica sodes Cocambó, capitán de navío e rei do Sol ?
- Son tal. Ti viñeches para ir buscar a coroa de Levanaél, rei dos Queixos ; pois, oíches, vai falar co meu burro, que el hache dicir onde está.

Cocambó sempre estaba borracho de sidra e de licor. Era gordo coma o cura de Landudec, mais co pelo roxo.

## II

### *Aquí o relator da historia de Tulic fillo e de Cocambó adopta o seu oficio de contista*

A tripulación estaba composta por seis homes, sen contar o capitán nin Tulic fillo. Todos os mariñeiros eran médicos, avogados e poetas. O barco levaba na proa un carneiro de ouro sobre dúas ás, e na popa un ollo vivo con seis raiolas de ouro. A tripulación tiña un burro de ouro que sobre dun coxín portaba unha catedral.

- Has ver un peixe voador vermello –díxolle o burro a Tulic- píllao polas súas aletas de paxaro e déixate levar onde el queira !

Cando Tulic viu o peixe vermello, fixo como dixera o burro : pillouno polas dúas aletas.

E pasaron por riba dunha illa de paxaros, de raposos e de animais con misteriosos pasos solertes que daban chimpos en círculos sostidos por mans. Dous homes bébedos e terribles rifaban a navalladas ; unha muller chiscáballe o ollo a un picariño que ría cabo dunha lúa crecente. O peixe voador dixo :

- Son as beiras do inferno !

Entón Tulic ocultou a cara coas mans e sentiu que o paxaro descía.

- O palacio do rei Levanaél é redondiño e está enriba do outeiro ! Camiña coxeando tranquilamente como che ordenaron ! A miña misión está cumprida !
- E como vou ir cabo do rei Levanaél ?
- Cun ramalliño de ourizos de mar verdes e violetas fabrica un cestiño e fai que llo leven ao rei con dúas pinzas de lubrigante.

Tulic fixo como lle dixeron.

No palacio sentíronse bater en cobre dúas pancadas. Unha rapaza acudiu nun tapete cadrado bicarlle a man ; chamábase Nezah. O palacio era unha galería adornada con penduricos de coral como brincos das orellas. A rapaza chamada Nizah levaba pantalóns de muller árabe e as súas compañeiras levaban os mesmos pantalóns pero de cor rosa.

- Ai, ho ! –díxose Tulic- E estarei na terra dos demos ?
- Deus está en todas as partes –dixo Nezah- e o mal está en todas as partes. Ven escoitar as historias que contamos.

A galería daba a volta de arredor dunha casa. Levanaél, o rei dos Queixos, tan preguiceiro que non se daba movido, habitaba a casa e os servidores disfrutaban da galería. Neste magnífico palacio todo o mundo vivía ben a xeito, tendido sobre panos ; uns distraíanse con música, outros inventaban ou escoitaban historias e poemas, e uns xenios escravos servían froitos e derivados de leite, única mantenza permitida neste reino. Foron improvisados diante do coxo lombudo nove mil novecentos noventa e nove poemas. O poema sete milésimo era tal coma este, e foi unha sabia dama a que o improvisou :

#### O NACEMENTO DO CISNE

*- Ou, marfín ! Ou, divina cabeza do Cabalo ! Ou, esqueleto ! Ou, cabeza de Pegaso mil veces morto e mil veces inmortal ! Ti aquí xa non es senón o puro marfín ! Era o propio Anxo quen amosaba a cabeza ! El mesmo ! O Anxo tiña grandes ás que cobren o ceo, grandes ás negras e douradas ! O puro marfín da cabeza que el sostiña nas mans estaba gravado cunha estrela ! O Anxo tiña os pés nus, seus pés de Anxo ! E destes pés brancos naceu o cisne ! Ou, ti, cisne do ceo que só cantas na túa morte, morres cada serán para naceres cada mañá máis puro !*

Unha dama fina improvisou o oito mil seiscientos vinteoitavo poema, e este poema era así :

#### A CHAMA ROXA

- *Entón, señora chama roxa : estades contenta da vosa cor roxa ? Roxa que remata a vosa chama roxa ?*
- *Hai fume de mais –di a chama- E mais non me atopades pinta de dema ou de meiga salamandreira ?*
- *Señora chama roxa, que faremos nós para vos satisfacer?*

- *Dádeme cando menos un candelabro !*
- *Velaí ten un candelabro : de brazo curvado e plano por baixo. Espero que teñamos cambiado abondo o voso estado.*
- *Ah –dixo a chama roxa- quixera ser unha araña de cristal con colgantes... ben sabedes... esas lámpadas de salón !*
- *Daquela, señora chama roxa, amarrádevos unha corda ao pescozo e rezádelle a Deus, despois veremos !*

E o oito mil cento nonaxésimo nono poema era así :

### *O HALO PRATEADO DO CARANGUEXO*

- *Eu –dicía o caranguexo dentro do seu duro caparazón- quero ter un halo feito de prata e de diamante ! Quero un halo de pedraría fina ! Velaí onde hei atacar a conciencia dos homes !*

*E Deus deulle o mar.*

O bretón, nunha sociedade escolleita, non quixo pasar por parvo. Coa música de *O noso burro ten os catro pés brancos* compuxo unha canción de estilo ben armoricano<sup>1</sup>.

#### *I*

*O cabaliño de Marián,  
O cabaliño de Marián,  
é branco, pinto e máis mourán ;  
é branco, pinto e máis mourán ;  
ten unha longa crina,  
talmente unha bobina,  
na testa un sinal ten  
que lle queda moi ben.*

#### *II*

---

<sup>1</sup> Conservando a música dunha canción tradicional –da que se atopan variantes en Francia e no Québec- Max Jacob tece unha nova historia.

*Os cascos son de cor azul,  
Os cascos son de cor azul,  
a mesmiña ca o voso tul,  
a mesmiña ca o voso tul  
- Para onde vas Marián  
co teu lindo alazán ?  
Marián : para onde vas  
co apuro que te dás ?*

### III

*Ao hipódromo de Kemper,  
Ao hipódromo de Kemper,  
para aprenderlle a correr,  
para aprenderlle a correr.  
Se é que non choveu moito  
e que o chan está enxoito  
galopar o farei,  
senón á feira irei.*

### IV

*- Tes que o camiño bo coller,  
Tes que o camiño bo coller,  
nestoutro pódeste perder.  
nestoutro pódeste perder.  
- Axudáime un pouquiño,  
non sexáis mal veciño !  
Termame do animal  
pois que eu o fago mal !*

### V

*O faco a escape saíu  
O faco a escape saíu  
e levando a Marián fuxíu.  
e levando a Marián fuxíu.  
- Acudide, veciños,  
que caio de fociños !  
A besta hai que parar  
senón voume esnafrar !*

### VI

*Coa mesma a mociña Marián  
Coa mesma a mociña Marián  
caiu nas patas do roán,  
caíu nas patas do roán ;  
lévana na padiola  
pra de diante da escola  
e o médico correu  
mais Marián morreu.*

#### VII

*Que fixo o namorado entón ?  
Que fixo o namorado entón ?  
Chorou, chorou, todo tristón,  
Chorou, chorou, todo tristón,  
meteuse a militar  
e a volta ao mundo a dar,  
mais sempre foi a pé,  
vai ti saber por que.*

#### IV

En canto que por cima da galería sempre brillaba o sol, enriba da casa chovía arreo. Estaba rodeada dun estanque de ras e dun bosque de loureiros. No bosque había unha cabra, animais anfibios, un rapaz vestido cun traxe de prata, unha muller de verde que andaba a tirar con arco, gamos e o Home de Varios Pés.

- Dame o teu ramallete de ouriciños de mar –dixo o Home de Varios Pés- Voulo levar ao rei, porque me fas rir e has facer rir o rei, que vai estar encantado de rir.
- Está ben –dixo Tulic- mais como é que non hai sol por riba da túa casa ?
- Temos sol unha vez ao mes, cando as mociñas da galería veñen traer o Tributo : son esmeraldas, especias, topacios con perfume de azafrán. Entón o camaleón sae do seu buraco, o lagarto do valado e o can ladra. Ven comigo polo estanque !

A casa era de mel, de cristal, de perlas e de berilo : o rei Levanaél estaba tendido sobre un leito de aloe e fumaba cigarros.

Velaí o que foi a vontade de Deus tocante a Tulic fillo, artesán eivado : en canto que os Dous Homes Vermellos encargados de gardar o rei andaban a se



arrancar o ramallete de ouriciños pois contiña unha perla, o rei dos Queixos botouse a rir ao ver a Tulic. Tanto, tanto riu, que deixou caer a súa coroa. Daquela, por enredar, púxolla na testa ao coxo-lombudo, o que o fixo rir aínda máis. Tulic estaba enrabiado de máis como para se pór contento. O rei Levanaél era igualiño a unha nube escura. Inda ben non pousara a coroa na testa do coxo, produciuse un milagre: o sol entrou na casa, as mociñas espalláronse bailando e Levanaél transformouse nun meigo noviño vestido cun xibón vermello. Ao mesmo tempo, as ras e os camaleóns puxéronse a berrar: «Resurrección! Resurrección! Indiscutiblemente! Resurrección!». Mais as mociñas o único que fixeron foi rir porque aquel milagre acontecía a miúdo, e vinteito días despois do milagre, o pobre de Levanaél volvía a se deitar sobre do seu leito de aloe fumando cigarros.

Fóra do reino de Levanaél, Tulic viu un mozo nu que conducía seis cabalos : unha estrela guiaba os cabalos e un cisne trataba de saír das patas brancas deles. O mozo sinaloulle a Tulic o ceo aceso en chamas no que uns anxos estaban a tocar a trompeta : « Chámome Xacinto » díxolle o mozo nu a Tulic. Os lince paseaban de arredor dos carros de ouro deste país, os miñatos revoaban en círculos e os galos metíanlles medo aos leóns debido ás súas crestas de ouro. As casas eran como antucas cargadas de liras, de escudos de armas e de coroas de ouro.

- Vaites, nobre Tulic ! Que vitoria ! –díxolle a Tulic o Home de Rabo de Paxaro ! Bravo, bravi, brava ! A coroa do gran Levanaél ! *Laus et Honor !* Ei, vós, de aí ! Ei ! Aplaudide, aplaudide ! O rei Cocambó, almirante das Flotas e rei do Sol, de quen ti es hóspede aquí, devece coa necesidade de te ver, ou, mellor, de te ver de novo, porque vos coñecestes na auga en tempos ! Mais agardemos o serán ! No mencer xa vai unha calor tola no palacio, e o astro de Apolo prolonga os seus esforzos ata o crepúsculo.
- Aquí súase a regos ! –respondeu Tulic- O reino de Cocambó é un verdadeiro forno de panadeiro.

Cadrou que ese serán impartían xustiza na Cámara Púrpura. A Cámara Púrpura estaba alumeada por brazos de mulleres que saían de estrelas púrpura. Abríanse unhas flores vermellas para lanzar unha luz púrpura. Os xuíces con barrete e os doutores con toga estaban situados detrás de Cocambó que, acoirazado en ouro e vestido de azul, impartía xustiza totalmente bébedo !

#### FRAGMENTO DO DISCURSO DO FISCAL XERAL

-... Á falta do que, requerimos a pena capital para a acusada Perinaíc Le Goff, pois que ela bateulle na cabeza á súa compañeira Yvonne Quiniou. En efecto, dos textos máis antigos da nosa Xurisprudencia despréndese manifestamente que a aquel que bata na cabeza háselle cortar a cabeza, que a aquel que bata no peito hase despeitugar e que aquel que bata nas nádegas ha ser condenado a lle abrir o ventre. E dado que Perinaíc Le Goff bateu na cabeza, no peito e nas nádegas debe, en consecuencia, ser decapitada, despeitugada e ventreaberta.

Porén, como se desprende manifestamente e é de común sentido e de común regra que toda persoa que perdera a cabeza perdeu a vida, por especial clemencia e a fin de dar boa reputación de misericordia á Maxestade Cocambiana, requerimos unicamente para Perinaíc Le Goff a pena capital, querendo evitarlle as penas infamantes !...

## COMEZO DO DISCURSO DO AVOGADO

- Venerable Maxestade Solar, e ti, nobre Tribunal de Cocambó, Almirante e Rei, saúdvos! En nome do acaneo do meu corpo, en nome do triángulo do meu índice e pulgar, vou falar, falo, falei! É costume pertinente entre os avogados de alén-mar defenderen co argumento da parvura dos seus clientes para demostraren a non-parvura das súas faltas. Por Santiago o menor, meu patrón! Por Neptuno! Eu, meus señores, non hei seguir os meus colegas de alén-mar nos seus erros, senón que vou máis ben cinguirme a demostrar a parvura da vítima, feliz se é que a miña palabra é quen de vos alumear e de vos levar a recoñecerdes que a miña clienta estaba fundada en Dereito nas pancadas que lle administrou á parva de Quiniuou...

O rei Cocambó, bébedo, berrou :

- Que lle amarren o brazo ao queixelo, a ese túzaro! Avogado, a peroración, as conclusións! Ou mando que vos rebanden a cachola como llela han rebandar *aequo animo* a esas comadres! Un larapeteiro e unhas lingoreteiras, iso é o que sodes!

Tulic estaba na Cámara Púrpura acompañado por un home lívido, magro, con pel de mineiro. Era un home ao que lle chamaban Adar-Samdam.

- Odioso! Absurdo! –murmurou o home lívido- Non se dá crido unha ferocidade tan devoradora! Tedes a obriga absoluta de vos revoltar, meu rapaz!
- É inxusto! É inxusto! – berrou Tulic.
- Ei, ho! Que foi? Seica se empoleiran, por aquí? –dixo o rei- Seica queren abaixar os meus oráculos? *Qualis audax?* E, de primeiras: quen os autorizou a entrar neste Magnífico Alto Tribunal? Mais paréceme que este cotrolo xa me ten molestado doutra vez! Veña! Que o mallen, que o zorreguen e que o xostren! Ou mellor, que o boten nas miñas gaiolas de ouro, na gaiola dos leóns hidrófobos!

E bébedo como el estaba, limpou as unllas.

E mais na gaiola dos leóns hidrófobos non había senón un león velleiro, porque os outros leóns do país non eran hidrófobos e este león velleiro case non vos era hidrófobo. Con todo, gustábanlle as coroas e devorou a coroa de Levanaél. Tulic non chorou, senón que entrementes que o león estaba a devorar a coroa subíulle no lombo e volveu para o seu barquiño. Ao camiñar cavilaba, e ao cavilar camiñaba. Tanto cavilou e camiñou que descubriu esta verdade: que existen máis que dúas xustizas no mundo pois a maiores da xustiza divina e da dos homes, existe a xustiza da Lúa.

Remata aquí a historia contada por Maryvonne Le Guellec, pousadeira, domiciliada na aldea de Plomelin (Finisterre, Bretaña), de oitenta e sete anos e tres meses de idade. Nós enchemos acá e acolá as lagoas da súa memoria.